

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO ENTROIDO VIRTUAL 2021 DO CONCELLO DE RIANXO

Cubre e asina esta ficha e envíaa por correo electrónico a entroido@concelloderianxo.gal ou por Telegram, Signal ou WhatsApp ao 667 18 55 77

DATOS DA PERSOA QUE PUBLICOU NA SÚA REDE SOCIAL

Dinos en que rede social publicaches a foto ou vídeo e en que categoría participas (podes publicar o mesmo vídeo en varias redes).

Rede social	☐ Facebook ☐ Instagram ☐ TikTok ☐ Twitter ☐ YouTube			
Ligazón á publicación *				
Nome e apelidos da persoa propietaria do perfil			Idade	
Nome e apelidos da túa nai, pai, titor/a se es menor de idade			NIF	
Categoría na que participa	☐ Individual ☐ Familiar ☐ Grupo virtual			

* Se non coñeces a ligazón da publicación (URL), podes achegar unha captura ou fotografía da pantalla na que se vexa a publicación. Recorda que a publicación ten que ter visibilidade pública e incluír na descrición o cancelo #entroidorianxeiro2021

IDENTIFICACIÓN E AUTORIZACIÓN DE TODAS AS PERSOAS QUE PARTICIPAN NO VÍDEO OU FOTO

Todas as persoas que aparecen na foto ou vídeo autorizan coa súa sinatura o uso da súa imaxe na publicación e a participación nos sorteos. No caso de menores de idade, deberán ser autorizadas polo seu pai, nai ou persoa titora, que deberá asinar nesta folla ou noutra adicional.

Nome, apelidos e NIF de cada unha das persoas que aparecen na publicación e participan no sorteo	Nome, apelidos e NIF da nai, pai ou persoa titora, no caso de menores de idade	Sinatura (**) ver reverso
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		

DATOS DE CONTACTO

O enderezo indicado é ao que se enviarán os lotes ou vales de premio. Debe estar no termo municipal de Rianxo.

Enderezo			
Teléfono		Correo-e	

 A persoa propietaria do perfil, ou a que a autoriza, no caso de ser menor de idade, **DECLARA:**

- ✓ Que todos os datos indicados nesta solicitude son certos.
- ✓ Que todas as persoas que aparecen no vídeo ou foto saben que se vai publicar nas redes sociais e prestan o seu consentimento, ou os seus respectivos pais, nais ou tutores/as.
- ✓ Que se compromete a cumprir as condicións que se especifican nas bases de participación, as cales coñece na súa integridade.
- ✓ Que autoriza ao Concello de Rianxo a utilizar a publicación nas redes sociais para os fins desta actividade.

Asino en Rianxo, o de febreiro de 2021

Sinatura:

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A persoa titular da publicación nas súas redes sociais, a persoa representante, e as persoas participantes, ao aceptar as bases da actividade **Entroido virtual rianxeiro 2021** e participar nesta actividade, son coñecedoras e aceptan o seguinte:

O Concello de Rianxo poderá difundir polas súas redes sociais e outros medios promocionais as imaxes e vídeos, de forma parcial ou íntegra, que participan nesta actividade, así como cedelas para a súa emisión por outros medios de comunicación alleos.

Porén, o Concello de Rianxo non adquire obriga ningunha de uso ou emisión deste material, podendo, en consecuencia, utilizalo ou difundilo no momento que considere oportuno, ou incluso non chegar a utilizalo.

A autorización concedida entendese condicionada a que as imaxes e a difusión das mesmas respecten a honra e dignidade persoal do menor de acordo ás condicións que se anexan nesta solicitude.

A persoa titular da publicación manifesta e garante que o material presentado ao sorteo do **Entroido virtual rianxeiro 2021** é orixinal e inédito, non infrinxe dereitos de terceiros, tales como dereitos de propiedade intelectual ou de imaxe, e que contan co consentimento de todas as persoas que aparecen nela.

(**) AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE IMAXE DE MENORES

Coa súa sinatura, as persoas que autorizan a outras menores de idade están a dar o seu consentimento para a participación neste **Entroido virtual rianxeiro 2021** e para o uso da súa imaxe das formas establecidas nas bases e neste texto.

O dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución, regulado pola Lei Orgánica 1/1982 de 5 de maio, sobre o dereito a honra, á intimidade persoal e familiar e a propia imaxe, e ao tratarse dun dato de carácter persoal, tamén se ve afectado pola normativa de protección de datos regulada polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, Regulamento Xeral de Protección de datos (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais.

En cumprimento desta normativa, o Concello de Rianxo necesita dispor da autorización expresa das persoas que ostentan a representación legal (proxenitoras ou titoras) da menor para o tratamento da súa imaxe (fotografías e vídeos), e o seu nome e apelidos cando aparezan tanto individualmente como en grupo xunto con outras crianzas participantes na citada actividade, coas seguintes FINALIDADES:

- Xestionar a autorización para a difusión das imaxes dos menores que participen nesta actividade do Concello de Rianxo, así como promocionar as actividades organizadas polo Concello.

Este material gráfico poderá ser publicado en:

- Redes sociais do Concello de Rianxo (Facebook, Twitter, Instagram, Youtube, TikTok)
- Páxina web concelloderianxo.gal
- Outros medios de difusión, sempre relacionados con asuntos e promoción do Concello de Rianxo.

As imaxes serán tratadas mentres dure a finalidade da actividade para a que se recollen e durante os prazos establecidos nos calendarios de conservación ditaminados pola normativa de arquivos e documentación que afecte ao Concello.

Coa firma do presente documento, os titulares da patria potestade ou tutela CONSINTEN que o Concello de Rianxo realice os tratamentos das imaxes das persoas menores que se indican a continuación:

- A publicación das imaxes derivadas da súa participación no **Entroido Virtual Rianxeiro 2021**, dentro dos perfís das redes sociais e web do Concello de Rianxo.

O tratamento da imaxe respectará, en todo caso, o dereito á intimidade do menor e a súa propia imaxe, sen que a firma da autorización supoña un uso da imaxe coa finalidade comercial e mercantil.

Poderán exercer os dereitos de acceso, de rectificación e supresión, así como aqueles outros recoñecidos na normativa vixente de protección de datos persoais, cando procedan, antes o Concello de Rianxo....

A persoa afectada pode revocar o consentimento en calquera momento e pode obter máis información sobre o tratamento dos datos persoais poñéndose en contacto co Concello de Rianxo.

A persoa que presenta esta solicitude de participación deberá conservar o orixinal con todas as sinaturas por se fose requirido en calquera momento para comprobar a súa autenticidade.